

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*ORDE do 16 de setembro de 2015 pola que se amplía o prazo de xustificación das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (código de procedemento IN223A).*

A Orde do 31 de decembro de 2014, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 15, do 23 de xaneiro de 2015, establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (código de procedemento IN223A).

No artigo 1.4, parágrafo primeiro, do anexo I, bases reguladoras, establece a consideración de actuacións subvencionables sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de xaneiro de 2015 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 18.

O artigo 18.1 do anexo I, bases reguladoras, establece que o pagamento da subvención quedará condicionado á presentación, na respectiva xefatura territorial, da correspondente documentación, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro de 2015 (corrección de erros no DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 2015).

Tendo en conta o volume de solicitudes presentadas e o longo proceso de avaliación e co fin de optimizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar o artigo 18.1 do anexo I da orde para ampliar o prazo ata unha data que permita a mellor xustificación por parte dos beneficiarios/as.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Economía e Industria en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1

Modificación do artigo 18.1 do anexo I da Orde do 31 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva,



das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (código de procedemento IN223A).

O primeiro parágrafo do artigo 18.1 do anexo I da referida orde queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar, na respectiva xefatura territorial, a seguinte documentación, en orixinal ou copia compulsada, e ten de prazo para presentala ata o 16 de novembro de 2015 (...).».

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2015

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía e Industria

